



Guía Docente						
Datos Identificativos				2022/23		
Asignatura (*)	Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda		Código	710G03004		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	Anual	Primeiro	Obrigatoria	9		
Idioma	Inglés					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Empresa					
Coordinación	Monje Amor, Ariadna	Correo electrónico	ariadna.monje@udc.es			
Profesorado	Monje Amor, Ariadna	Correo electrónico	ariadna.monje@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Esta materia presenta unha descripción xeral do funcionamento das empresas e, en particular, das empresas de moda. Para iso, o curso comeza coa presentación dos obxectivos e funcións das empresas e do ámbito empresarial no que as empresas de moda desenvolven a súa actividade. Posteriormente, esta materia céntrase no funcionamento dos diferentes subsistemas (subsistema de administración ou xestión, operacións ou producción, comercial e financeiro) que forman parte das empresas.</p> <p>Esta materia ten un carácter introdutorio e, xa que logo, diferentes materias nos cursos sucesivos ampliarán as cuestións relacionadas coa xestión empresarial que se abordarán ao longo deste curso.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer os conceptos básicos e principios da xestión empresarial			A1 B1 C2 B2 C3 B3 C4 B4 C5 B5 C7 B6 C9 B7 B8 B9
Analizar a contorna e a realidade que rodea ás empresas de moda			A2 B1 C1 A7 B2 C4 A8 B3 C5 B4 C7 B5 C8 B6 C9 B7 B8 B9



Identificar os principios de funcionamento dos diferentes subsistemas funcionais das empresas de moda	A1 A8	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C4 C5 C7 C8 C9
Realizar, en equipos de traballo, unha análise preliminar da xestión empresarial dunha empresa de moda	A1 A2	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8	C2 C3 C9

Contidos		
Temas	Subtemas	
A empresa	<p>Concepto e natureza. A empresa como sistema</p> <p>Funcións e obxectivos empresariais</p> <p>Empresa e persoa empresaria</p> <p>Tipos de empresas</p> <p>Introdución aos enfoques de xestión empresarial</p> <p>A contorna empresarial</p> <p>Introdución á ética e á cultura empresarial. A Responsabilidade Social Corporativa</p>	
Subsistema directivo	<p>Introdución ás funcións directivas</p> <p>A función de planificación. A planificación estratéxica</p> <p>A función de organización</p> <p>A función de dirección</p> <p>A función de control</p> <p>Introducción á xestión dos recursos humanos</p>	
Subsistema de operacións	<p>Definición e conceptos principais</p> <p>Obxectivos e tipos de decisións</p> <p>Tipos de procesos produtivos</p> <p>Os custes e o cálculo do punto morto</p>	
Subsistema comercial ou de marketing	<p>Definición e conceptos principais</p> <p>Segmentación, mercados obxectivo e posicionamento</p> <p>O proceso de compra en moda</p> <p>O marketing-mix: produto, prezo, promoción e distribución</p>	
Subsistema financeiro	<p>Definición e conceptos principais</p> <p>A función financeira</p> <p>A estrutura económico-financeira</p> <p>Introdución ao resultado</p> <p>Ratios</p> <p>Fontes de financiamento</p>	



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A1 A2 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B7 B9 C5 C9	2	35	37
Traballos tutelados	A1 A2 A8 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	3	26	29
Estudo de casos	A1 A2 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C2 C4 C5 C7 C8	5	15	20
Prácticas a través de TIC	B1 B2 B7 B8 B9 C3 C9	5	10	15
Seminario	A1 A2 A7 A8 B2 B4 B6 B7 B8 B9 C1 C3 C9	3	3	6
Saídas de campo	A1 A2 A7 A8 B2 B3 B4 C4 C5 C8	2.5	2	4.5
Solución de problemas	A1 A7 A8 B3 B5 B7 B8 B9 C8 C9	4	10	14
Sesión maxistral	A1 A2 A7 B8 B9 C5	31.5	31	62.5
Foro virtual	B5 C2 C3 C4 C9	0	5	5
Presentación oral	B1 B2 B4 B6 B8 C2 C9	3	5	8
Discusión dirixida	B3 B4 B7 B8 C2 C4 C9	4	6	10
Lecturas	A1 A2 A7 B5 B9 C3 C5	0	11	11
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Proba mixta	Exame parcial e exame final, que poderán combinar diferentes tipoloxías de preguntas (preguntas de resposta breve, preguntas de ensaio, exercicios prácticos e preguntas obxectivas ou tipo test).
Traballos tutelados	Análise en grupo dunha empresa de moda que será realizada ao longo do curso académico (especialmente durante o 2º cuatrimestre) e presentada na aula ao final deste.
Estudo de casos	Resolución, individual ou en grupo, dos casos propostos. Estes casos iranse detallando ao longo do curso, conforme ao plan de traballo.
Prácticas a través de TIC	Resolución de casos prácticos, de forma individual ou en grupo, a través de programas informáticos (ex. Excel).
Seminario	Realización de seminarios con profesionais expertos en temas da materia, sempre que sexa posible.
Saídas de campo	Visita a unha empresa de moda durante o 2º cuatrimestre, sempre e cando as condicións sanitarias o permitan.
Solución de problemas	Resolución de problemas de natureza teórica e práctica.



Sesión maxistral	<p>Presentación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e da introdución de cuestóns dirixidas ao alumnado coa fin de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Cada un dos temas irá precedido dunha contextualización, onde se detallarán os contidos que se verán en cada un deles, así como a súa relación con outras materias do Grao, dado o carácter introductorio desta materia.</p>
Foro virtual	<p>Existirán dous foros virtuais, a saber:</p> <ul style="list-style-type: none">- Foro virtual de debate: canle que o alumnado poderá empregar para a proposta de debates e a participación nestes.- Foro virtual de aprendizaxe: canle que o alumnado podrá empregar como espazo para o intercambio e a reflexión de aprendizaxes e a proposta de novas actividades.
Presentación oral	Presentación oral, de forma individual ou en grupo, de traballos realizados na aula ou de estudos de casos que deberán entregarse por escrito.
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaránse diferentes temáticas enfocadas a que o alumnado reflexione sobre diferentes aspectos da materia e adopte unha posición crítica.
Lecturas	Lecturas sobre diferentes temáticas para abordar e/ou profundar nas cuestóns abordadas na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	A atención personalizada descrita desenvolverase principalmente en torno ao traballo tutelado, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Recoméndase a asistencia do alumnado a estas reunións, cuxa forma e momento concretos nos que terá lugar se indicarán ao longo do curso en función do plan de traballo da materia, estimándose que a primeira reunión cos grupos de traballo terá lugar ao inicio do segundo cuatrimestre. Con todo, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de tutorías para aclarar dúbihdas e cuestóns sobre a materia.
Estudo de casos	
Foro virtual	O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de Grado na UDC" (Arts. 3.b e 4.5) realizará as súas actividades coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de "Planificación" e na "Atención personalizada", a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade realizarase atendendo ás observacións de evaluación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia.

Avaluación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A7 B8 B9 C5	Valorarase a asistencia e participación activas nas sesións maxistrais e nas actividades realizadas nas sesións interactivas (exemplo, participación en debates ou discusións dirixidas na aula, resolución de actividades, resposta a preguntas formuladas...). Poderán tamén realizarse pequenos cuestionarios, sen necesidade de previo aviso, sobre os contidos vistos ao remate dalgunha das sesións expositivas.	10



Traballos tutelados	A1 A2 A8 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	Avaliación do informe escrito e a presentación oral do traballo en grupo proposto. Esta avaliación será realizada entre iguais e polo profesorado da materia, do xeito que se detalla: <ul style="list-style-type: none">- Dominio de contidos específicos: manexo da terminoloxía específica, precisión e adecuación de contidos [30%]- Expresión escrita e presentación formal: corrección ortográfica e gramatical, coherencia, cohesión, claridade expositiva, estrutura da información, capacidade de análise e síntese da información [20%]- Xestión da información: suficiencia e relevancia de fontes bibliográficas consultadas, consulta de fontes adicionais [15%]- Creatividade na forma e contenido [5%]- Presentación oral: claridade expositiva, precisión, exposición ordenada de ideas, capacidade de análise y síntese da información, capacidade de resposta a possibles preguntas [20%]- Traballo cooperativo: puntuación que cada persoa integrante dun grupo de traballo outorga ao resto de integrantes do mesmo [10%]	20
Proba mixta	A1 A2 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B7 B9 C5 C9	Os exames parcial e final terán un peso dun 20 e un 25%, respectivamente, na nota final da materia. O exame parcial terá un carácter voluntario, polo que o alumnado que decida non presentarse a este, deberá presentarse ao exame final, que terá un peso do 45% na nota final da materia. Igual condición rexí para o alumnado que suspenda o exame parcial.	45
Estudo de casos	A1 A2 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C2 C4 C5 C7 C8	Avaliación dos casos propostos e realizados individual ou grupalmente. Nalgúns dos casos propostos (a especificar durante o curso en función do plan de traballo proposto) a avaliación realizarase por pares. No estudo de casos valorarase a coherencia e adecuación das respostas ás preguntas formuladas, a presentación formal e a expresión escrita, a consulta de fontes bibliográficas...	20
Foro virtual	B5 C2 C3 C4 C9	Participación activa nos foros: (a) no foro virtual de debate valorarase a proposta de temas para debate ou a participación nos debates xa iniciados, as iniciativas propostas...; (b) no foro de aprendizaxe, valorarase a participación respondendo ás dúbihdas formuladas polo alumnado.	5

Observacións avaliación



Criterios de avaliación

Segunda oportunidade

Para poder aprobar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 na proba mixta e no traballo tutelado. En caso de non cumprirse este requisito, a cualificación final será de "Suspenso", áinda cando a nota media de todas as actividades a avaliar outorgase unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Se un/a alumno/a que ten liberada unha parte da materia non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas datas oficiais dos exames da primeira e segunda oportunidade, a súa cualificación final será de "Suspenso". No seguinte curso académico, o/a alumno/a poderá gardar a nota daquelas probas que ten superadas (sempre e cando obtivese unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), se así o deseja, e sempre e cando informe ao profesorado da súa decisión nas dúas primeiras semanas de clase. Esta condición solo rexerá durante o curso académico seguinte; a partires de aí, non se gardará ningunha nota.

Convocatoria adiantada

Se houbese alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro (Art. 19 "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grado e mestrado universitario"), dado que esta materia ten un carácter anual, o alumnado que se presente a esta convocatoria únicamente deberá realizar a proba mixta (70% da nota) e o traballo tutelado (30% da nota). O traballo tutelado deberá realizarse de xeito individual.

Para poder superar a materia, será preciso obter unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos sobre 10, sempre e cando o alumnado obtivese unha puntuación igual ou superior a 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías sometidas a avaliación.

Cualificación "Non presentado"

Será cualificado con "Non Presentado" o alumnado que non asista ao exame final que terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames da facultade. Este criterio aplicará tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, así como na convocatoria adiantada.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá comunicar ao inicio do curso a súa situación ao profesorado da materia, á fin de establecer un plan e calendario de traballo. O sistema de avaliación será o seguinte: proba mixta (60%), traballos tutelados (20%) e estudio de casos (20%). O traballo tutelado deberá realizarse en grupo.

Información adicional

O comportamento fraudulento en calquera dos apartados sometidos a avaliación suporá a cualificación de "Suspenso (0)" na avaliación final.

Está prohibido acceder á aula na que se desenvolvan as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información (móviles, reloxos intelixentes...).

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- ROBBINS, S.P., DE CENZO, D.A., COULTER, M.A. (2017). Fundamentals of Management: Essential Concepts and Applications. Pearson- KOTLER, P.T., KELLER, K.L. (2016). Marketing Management. Pearson- SAVILO, S., TESTA, S. (2007). La gestión de las empresas de moda. Barcelona: Gustavo Gili- MAYNAR, P., BAÑEGIL, T., GALERA, C. (2008). La Economía de la Empresa en el Espacio de Educación Superior. Madrid: McGraw-Hill- LUECKE, R. (2012). Finance for Managers . Boston, Mass: Harvard Business Review Press [Disponible en EBSCO FULL TEXT Finder]- RUBIO DOMÍNGUEZ, P. (2012). Introducción a la gestión empresarial. B-EUMED. [Disponible en E-Libro] <p>O profesorado da materia podrá proporcionar bibliografía adicional en cada un dos temas.</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- DILLON, S. (2018). The Fundamentals of Fashion Management. Bloomsbury Visual Arts- CASTILLO A.M. (Dir.), ABAD, I.M., AGUIRRE, J.M., GARCÍA, J., MORENO, F., RASTROLLO, Mª.A. (2003). Introducción a la Economía y Administración de Empresas. Pirámide- BREALEY, R.A., MYERS, S.C., ALLEN, F. (2018). Principles of corporate finance. McGraw-Hill- CHOW, S. (Ed) (2018). The Fashion Business Manual: an illustrated guide to building a fashion brand . Fashionary International Ltd- BURNS, L.D., MULLETT, K.K. (2016). The Business of Fashion. Designing, Manufacturing, and Marketing. Bloomsbury Publishing Inc.- https://www.modaes.com/ (.). Modaes.- https://www.businessoffashion.com/ (.). The Business of Fashion.
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aprovisionamento/710G03005

Fundamentos de Economía: Industria da Moda/710G03003

Materias que continúan o temario

Dirección Estratégica da Empresa de Moda/710G03030

Taller 1: Plan de Empresa de Moda/710G03032

Modelos e Técnicas de Simulación Empresarial: Xogo de Empresa/710G03026

Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017

Recursos Humanos e Habilidades de Xestión en Empresas de Moda/710G03020

Márketing e Investigación de Mercados de Moda/710G03012

Sistemas e Tecnoloxías da Información/710G03013

Xestión Contable e Financeira na Empresa de Moda/710G03015

Observacións

Esta é unha materia de

carácter introdutorio na que non se precisan coñecementos previos.

Recoméndase a revisión e seguimento do curso da materia no campus virtual, onde se deixarán os materiais e se informará das actividades a realizar. Tamén se recomenda a lectura frecuente da prensa económica e a asistencia ás clases interactivas con ordenador portátil ou tableta electrónica. Os traballos da materia entregaranse a través da aula virtual, en soporte dixital; e se non é posible, recoméndase a impresión en papel reciclado, a dobre cara e evitando o uso de materiais plásticos. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os性os,...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías